



XVII TORNEO URBÁN 3x3 DE BALONCESTO

baloncesto na rúa

Diario de Pontevedra

XVII TORNEO URBÁN 3x3 DE BALONCESTO

baloncesto na rúa

1. ACTIVIDADES:

- Torneo 3x3.
- Competición de triples (para os equipos que se inscriban nas categorías Cadete, Xunior e Senior).
- Competición de tiros libres (para os equipos que se inscriban nas categorías Benxamín, Minibasket e Infantil).

2. HORARIOS:

O Torneo terá xornada de mañá e de tarde:

- O representante de todo equipo que participe deberá presentarse na carpa da organización de 10:00 a 10:45 h para entregar a ficha de inscrición segundo modelo adxunto totalmente cumprimentada, comprobando que os xogadores non poderán ser máis de 5, e certificando que son eses os que disputarán o campionato: Entregarán as follas de autorización do uso da imaxe (categorías inferiores...).
- Comezo: Pola mañá de **11:00 a 14:00** aproximadamente. Dependendo dos equipos inscritos. Pararemos ou non á hora da comida.
- Pola tarde de **16:00 a 21:00** aproximadamente (en función de inscricións).
- No caso de parar para comer farase unha parada sobre as 14:00 h. e reanudarase a unha hora que se confirmará por megafonía ao remate da xornada de mañá.

3. OBSEQUIOS:

- ☺ Bebida (2 unidades mínimo).
- ☺ Trofeo e Medalla para os campións de cada categoría + un lote de produtos.
- ☺ Trofeo e Medalla para os subcampións de cada categoría + un lote de produtos.
- ☺ Na categoría senior haberá premio económico e dependerá do número de equipos inscritos, nunca será superior a 500 € repartidos entre o 1º e 2º posto. A cantidade do mesmo comunicárase á primeira hora da mañá.
- ☺ Trofeo e medalla para o campión de Tiros libres+ regalo.
- ☺ Medalla para o subcampión de Tiros libres.
- ☺ Trofeo e medalla para o campión de Triplas + regalo.
- ☺ Medalla para o subcampión de Triplas.



XVII TORNEO URBÁN 3x3 DE BALONCESTO

baloncesto na rúa

Diario de Pontevedra

4. NORMATIVA:

Inscricións:

- ↪ Só poderán **participar** os equipos que formalizaron a súa inscrición no tempo e forma que a organización estableceu. A organización resérvase a posibilidade de admitir algún equipo para completar calendarios.
- ↪ As **preferencias horarias** respetaranse na medida do posible.

Composición dos equipos e grupos:

- ↪ Os equipos estarán compostos por **tres a cinco xogadores**. Ningún xogador poderá participar en máis dun equipo da mesma categoría.
- ↪ Cada equipo debe nomear ó seu **capitán** que será o representante único e el será o que poida dirixirse ás persoas da organización.
- ↪ Faranse os grupos en función da **categoría e do sexo** sempre que sexa posible. Os **equipos mixtos**, encadraranse nos grupos masculinos. Se non houbera equipos para facer un grupo en cada categoría, reagruparanse os equipos de dúas categorías.
- ↪ Cando os grupos inclúan xogadores de distintas idades e categorías, encadraranse no grupo do compoñente de **maior idade**.
- ↪ Os grupos poderán ser de **4 a 12 equipos**.

Funcionamento da competición:

- ↪ Xogarase en **formato liga** (todos contra todos a ida ou ida e volta, en función do número de equipos por grupo).
- ↪ No caso de haber **un só grupo** na categoría, a organización decidirá si se xogan as semifinais e finais ou se respectan os postos da clasificación.
- ↪ No caso de haber **varios grupos** na mesma categoría, xogaranse cruces.
- ↪ No caso de **empate** na clasificación, resolverase co **basket-average** entre os equipos implicados e sempre ó finalizar os partidos de grupo.

5. REGULAMENTO OFICIAL DE XOGO DO TORNEO 3X3 (xúntase un anexo)

ZONA DE XOGO:

- ↪ Xógase **nunha soa canastra**. Márcanse as liñas de fondo, banda, tripla e tiros libres. Non se marcarán as liñas da zona. Nas competicións de Benxamín e Mini, non se marcará a liña de tripla.



XVII TORNEO URBÁN 3x3 DE BALONCESTO

baloncesto na rúa

Diario de Pontevedra

PERSONAL RESPONSABLE:

- ↪ O propio persoal da organización.
- ↪ Unha persoa **voluntaria** en cada pista.

DESENVOLVEMENTO DO XOGO:

Partidos:

- ↪ Os partidos comezan e rematan **todos á vez**, cando o indique megafonía.

Canastras:

- ↪ Cada canastra estará numerada e antes de comezar o encontro, dirase por megafonía a relación dos encontros

Poseción de balón:

- ↪ Ver Regulamento.

Cambios entre xogadores:

- ↪ Os **cambios entre os xogadores** de campo e o suplente, poderán facerse en calquera momento do xogo, **SEMPRE QUE O BALÓN ESTÉ PARADO**
- ↪ **Comunicarase** ó equipo contrario que se vai realizar un cambio, e éste esperará a que se produza.

Faltas:

- ↪ Ver Regulamento

FINAIS:

- ↪ Respetaranse as mesmas normas do Torneo.
- ↪ En cada categoría haberá un membro da organización que fará de **árbitro**.

6. REGULAMENTO DO CONCURSO DE TRIPLAS E DE TIROS LIBRES:

- ↪ Poderán participar no **concurso de triplas e de tiro** só os xogadores que se inscriban, das categorías **Cadete, Xunior e Senior**.
- ↪ Poderán participar no **concurso de tiros libres** só os xogadores que se inscriban, nas categorías **Benxamín, Alevín e Infantil**.
- ↪ A hora límite para presentarse serán as 17:00h. na zona de información de equipos.
- ↪ Os concursos empezarán **en horario que se confirmará** no taboleiro informativo e/ou por megafonía. Este horario estará en función do número de xogadores presentados.
- ↪ O concurso desenvolverase da seguinte maneira:
 - Realizarase **nunha ou máis canastras**.
 - Os xogadores disporanse nunha ringleira **única**.
 - Cada xogador disporá de **5 tiros consecutivos**.
 - Clasifican os **2 mellores**. En caso de empate para unha das prazas, clasificarán os dous..
 - Faranse eliminatorias ata que queden **2 ou 3 xogadores** que disputarán **a final**, determinándose o gañador ó mellor de **10 intentos**.



XVII TORNEO URBÁN 3x3 DE BALONCESTO

baloncesto na rúa

Diario de Pontevedra

Os equipos desenvolverán os encontros con xogo limpo e o debido respecto aos demais participantes e á organización do evento; a organización poderá limitar a participación dun equipo no caso de incumprimento do regulamento ou desta norma.

A organización resérvase o dereito a modificar calquera aspecto do regulamento, en calquera momento e baixo calquera circunstancia, coa fin de ter un bo funcionamento do Torneo.

A organización non se fará cargo das lesións producidas no 3 x 3. Cada participante deberá levar unha copia do seu seguro médico.